



DA PUNTA DA BESTA Á PUNTA FERRUXEDA

praias de Santa Comba e Ponzos


Adela Leiro, Mon Daporta
agosto 2018



Distancia: 10 km (circular) **Duración:** horar
Dificultade: baixa



Dous longos areais da enseada de Covas, na costa exterior de Ferrol, separados por un tramo rochoso no que sobresaen os illotes que rematan na punta de Santa Comba. O conxunto está formado polas praias de Santa Comba e Ponzos, os seus campos dunares, chairas de asolagamento, cantís litorais e áreas de dunas remontantes. Está incluído no LIC/ZEC “Costa Ártabra” e na ZEPA “Ferrolterra-Valdoviño”. As praias, ademais de magníficos areais son lugares con historia, xeoloxía e flora de interese. Destaca por ser unha das zonas litorais mellor conservadas de Galiza (con varios hábitats de interese prioritario a nivel europeo), grazas á pouca presión humana e ao reducido impacto urbanístico.



Punta Ferruxeda



PRAIA DE SANTA COMBA. De case 1 km de lonxitude. Nas súas areas hai partículas de magnetita (de cor negra). Conserva un bo sistema dunar.

PERCORRIDO

Desde **Covas**, pola estrada do Cabo Prior, collemos un desvío que vai á praia, onde comezamos a ruta. Desvíámonos á esquerda, ata a **punta da Besta**, para ter unha visión de conxunto da praia e arredores e volvemos ao punto de partida para comezar o percorrido polo areal (mellor coa marea baixa) ata chegar ao remate onde se atopan os **illotes e a punta de Santa Comba**, onde temos un miradoiro para ver o conxunto da praia, o cabo Prior e os **cantís do Pedrouzo**. Coa marea baixa podemos achegarnos ao illote no que se asenta a **ermida de Santa Comba**, de longa tradición. Para chegar á **praia de Ponzos** temos que facer un desvío polo interior que nos leva á **praia de Sartaña** e **O Cravadoiro**, onde comezamos o percorrido polo areal de Ponzos ata chegar ao **rego de Marixosa**, linde do concello de Ferrol, e á **punta Ferruxeda**, xa en Narón. A volta faise polo mesmo camiño, tomado desvíos polos carreiros das dunas para achegarnos aos restos do lavadoiro de mineral da antiga **mina de Covas** e poder descubrir algúns exemplares da especial vexetación da zona: varias especies de orquídeas (*Epipactis palustris*, *Spiranthes aestivalis*, *Ophris sphegodes*, *Ophris apifera*, *Serapias lingua*, *Dactylorhiza elata* subsp. *sesquipedalis*...), *Omphalodes littoralis* subsp. *gallaecica* (en perigo grave de extinción), *Linaria polygalifolia* subsp. *aguillonensis*, *Antirrhinum majus* subsp. *linkianum*, *Iberis procumbens*...



Bolboreta (*Pyronia batsheba*) sobre un cardo mariño

Antirrhinum majus, unha planta que só se atopa nas praias desta zona e está en perigo de extinción.



Lapas, arneiróns e chuponas nas rochas de Santa Comba



Punta da Besta e Cabo prior ao fondo



Praia das Fontes e illa de Santa Comba

Á illa de Santa Comba pódese acceder coa marea baixa. Conta a tradición que houbo un naufraxio e que os mariñeiros salváronse de morrer afogados grazas a que a Virxe lles ofreceu unha barca de pedra, que segundo os paisanos, consérvase nas costas da illa. Hai unha capela do século XI en honor a Santa Comba e celébrase unha romería o último domingo de Xullo



Cantís do Pedrouzo




Praia de Sartaña



PRAIA DE PONZOS. De 1400 m de lonxitude. Conserva un bo sistema dunar. Unha parte é zona nudista. En 2009 descubriuse un bosque fósil que data de hai 5.6000 e que quedou soterrado polo avance das dunas (nivel do mar estaba situado 5 m por debaixo do actual). Só se pode ver en anos de moito temporal cando o mar arrastra a area da praia.




Restos do lavadoiro de mineral na praia de Ponzos. Nesta praia estivo instalado o lavadoiro das antigas explotacións mineiras de ouro que poden ser de orixe romana e foron explotadas a finais do século XIX e comezos do XX. O lavadoiro foi construído polos franceses que explotaron a mina a comezos do século XX. O mineral móiase en muíños que funcionaban a vapor.



Praia de Ponzos e dunas remontantes



Praia de Ponzos e Punta Ferruxeda. Ao fondo vese o Monte da Vela



Rego Marixosa